

## DOCUMENTOS TEMA 23. CARACTERÍSTICAS E INSTITUCIONALIZACIÓN DO FRANQUISMO

### \*Textos que apareceron en exames PAU

#### **Doc. 1. Discurso de Francisco Franco (18 de xullo de 1938), en conmemoración do Alzamento Nacional\*:**

“Correspóndenos a paladinaxe dunha fe, unha civilización e unha cultura gravemente ameazadas polos principios roxo-comunistas (...). Á irresponsabilidade política dos partidos liberais, sucede a unidade da nosa Cruzada, organicamente constituída; a un Estado neutro e sen ideais, substitúeo o misional e totalitario, que orienta ao pobo sinalándolle o camiño (...). Hai que soldar ao pobo, dividido polos partidos; hai que unir medio século de separacións; hai que borrar os prexuízos da loita de clases (...); hai que elevar os principios do Movemento”.

#### **Doc. 2. Lei sobre unidade sindical (31 de xaneiro de 1940)\*:**

“Tres son os principios que inspiran a Organización Nacional-Sindicalista prevista polo Fuero del Trabajo, reflexo fiel da organización política do Novo Estado, a saber: Unidade, Totalidade e Xerarquía. Haberá, pois, segundo precepto do Fuero, unha soa orde de sindicatos, nos cales serán encadrados todos os factores da economía por ramas da produción ou servizos. Artigo primeiro.-A Organización Sindical de F.E.T. y de las J.O.N.S. é a única recoñecida con personalidade suficiente polo Estado, quen non admitirá a existencia de ningunha outra con fins análogos ou similares”.

#### **Doc. 3. Lei de creación das Cortes Españolas (17 de xullo de 1942)\*:**

“Continuando na Xefatura do Estado a suprema potestade de ditar normas xurídicas (...), o órgano que se crea significará, á vez que un eficaz instrumento de colaboración naquela función, principio de autolimitación para unha institución máis sistemática do poder (...).

Art. 1.-As Cortes son o órgano superior de participación do pobo español nas tarefas do Estado. É misión principal das Cortes a preparación e elaboración das leis, sen prexuízo da sanción que corresponde ao Xefe do Estado.

Art. 2.-As Cortes compóñense de Procuradores natos e electivos, a saber: a) Os ministros. b) Os conselleiros nacionais de F.E.T. y de las J.O.N.S. c)O Presidente do Consello do Estado (...). d) Os representantes dos Sindicatos Nacionais. e) Os Alcaldes das cincuenta capitais de provincia (...).

f)Os Reitores das Universidades (...). i)Aquelas persoas que pola súa xerarquía eclesiástica, militar, administrativa ou social, ou polos seus relevantes servizos a España, designe o Xefe do Estado, en número non superior a cincuenta”.

#### **Doc. 4. Fuero de los Españoles (17 de xullo de 1945)\*:**

“Art. 1.-O Estado español proclama como principio reitor dos seus actos o respecto á dignidade, a integridade e a liberdade da persoa humana, recoñecendo ao home, en canto portador de valores eternos e membro da comunidade nacional, titular de deberes e dereitos (...).

Art. 2.-Os españois deben servizo fiel á Patria, lealdade ao Xefe do Estado e obediencia ás leis (...).

Art. 6.-A profesión e práctica da relixión católica, que é a do Estado español, gozará da protección oficial. Ninguén será molestado polas súas crenzas relixiosas nin o exercicio privado do seu culto. Non se permitirán outras cerimonias nin manifestacións externas que as da relixión católica (...).

Art. 10.-Todos os españois teñen dereito a participar nas funcións públicas de carácter representativo, a través da familia, o municipio e o sindicato (...).

Art. 12.-Todo español poderá expresar libremente as súas ideas mentres non atenten contra os principios fundamentais do Estado”.

#### **Doc. 5. Lei de Referendo (1945):**

Art.1. Cando a transcendencia de determinadas leis o aconsellen ou o interese público o demande, poderá o Xefe do Estado, para mellor servizo da nación, someter a referendo os proxectos de leis elaborados polas Cortes.

Art.2. O referendo levarase a cabo entre todos os homes e mulleres da nación maiores de vinte e un anos.

**Doc. 6. En decembro de 1946, a Asemblea Xeral da ONU condena o réxime de Franco\*:**

“A) Pola súa orixe, natureza, estrutura e comportamento xeral, o réxime de Franco é un réxime fascista, organizado e implantado en grande parte mercede á axuda da Alemaña nazi e da Italia fascista de Mussolini. B) Durante a longa loita das Nacións Unidas contra Hitler e Mussolini, Franco prestou unha axuda moi considerable ás potencias inimigas, malia as continuas protestas dos aliados (...). A Asemblea Xeral (...), recomenda que se prohiba ao Goberno de Franco pertencer aos organismos internacionais creados polas Nacións Unidas ou relacionados con elas (...). Así mesmo, a Asemblea recomenda que todos os Estados membros das Nacións Unidas retiren inmediatamente os embaixadores e ministros plenipotenciarios que teñen acreditados en Madrid”.

**Doc. 7. Pastoral do bispo de Ourense sobre o referendo da Lei de Sucesión a celebrar o 6 de xullo de 1947\*:**

“Do éxito ou do fracaso desta lei depende o ser ou non ser, a orde, a vitalidade, a prosperidade, ou a ruína e desaparición da Patria; o triunfo e afirmación definitiva da España auténtica, espiritualista, cristiá, ou a volta á anti-España da revolución vermella, que é o mesmo que a definitiva negación de España [...]. Entre a luz e as tebras non hai alianza posible [...]. Nin como católicos nin como españois podemos inhibirnos ante o referendo”.

**Doc. 8. Lei de sucesión na Xefatura do Estado. (26-7-1947):**

Art.1. España, como unidade política, é un Estado católico, social e representativo que, de acordo coa súa tradición, declárase constituído como reino.

Art.2. A Xefatura do Estado corresponde ao Caudillo de España e da Cruzada, Xeneralísimo dos Exércitos Don Francisco Franco Bahamonde (...)

Art.9. Para exercer a Xefatura do Estado como rei ou rexente requirírase ser varón e español, ter cumpridos os trinta anos, profesar a relixión católica, posuír as calidades necesarias para o desempeño da súa alta misión e xurar as Leis Fundamentais, así como lealdade aos principios que informan o Movemento Nacional.

**Doc. 9. Editorial do diario Arriba, pertencente á prensa do Movemento, publicado con motivo da conmemoración oficial do «Día do Caudillo» do 1 de outubro de 1949\*:**

“Francisco Franco, o da mellor espada, pertence ás hostes de vangarda do providencial destino. É o home de Deus, o de sempre, o que aparece no crítico instante e derrota os inimigos proclamándose campión da Milicia do Ceo e da Terra. Pertécenlle polo tanto [...] títulos de Caudillo, Monarca, Príncipe e Señor dos Exércitos. De Caudillo polo seu propio esforzo de militar; de Monarca pola seu ben gañada nobreza; de Príncipe polo seu agudo quefacer político e de Señor dos Exércitos pola súa valía, competencia e coñecementos das tácticas, estratexias e demais complexos problemas da guerra”.

**Doc. 10. Fragmento da obra Así se gobierna España (Manuel Fraga Iribarne, 1952):**

“O glorioso alzamento popular o 18 de xullo de 1936 foi un dos máis simpáticos movementos político-sociais de que o mundo ten memoria. Os observadores imparciais e o historiador obxectivo han recoñecer que a maior e a mellor parte do país foi a que se ergueu, o 18 de xullo, contra un Goberno ilegal e corrompido, que preparaba a máis sinistra das revolucións vermellas dende o poder (...).

O pobo español, en plena crise de convivencia, aceptara a suprema xefatura de Franco para que este derrotase militarmente ao comunismo; pero ao mesmo tempo pedíalle que o constituíse politicamente, entregándolle a máis auténtica caudillaxe, no sentido propio da palabra. Visto o fracaso das asembleas para constituír ao país dende a crise de 1931, desexábase que esta vez fose un só e verdadeiro caudillo o que dese novas leis, nova constitución á comunidade. Coma Solón, coma Cromwell, coma tantos outros heroes nacionais, o Xeneral Franco debía ser o pai da Patria que a volveuse á normalidade e á orde”.

### **Doc. 11. Concordato entre España e a Santa Sé, 27 de agosto de 1953.**

“No nome da Santísima Trindade. A Santa Sé Apostólica e o Estado español, animados do desexo de asegurar unha fecunda colaboración para o maior ben da vida relixiosa e civil da Nación española, determinaron estipular un Concordato que [...] constituía a norma que ha de regular as recíprocas relacións [...], en conformidade coa Lei de Dios e a tradición católica da Nación española [...]. Artigo I. A Relixión Católica, Apostólica Romana, segue sendo a única da Nación española [...]. Artigo VI. [...] os sacerdotes españois diariamente elevarán preces por España e polo Xefe do Estado [...].

Artigo XIX. 1. A Igrexa e o Estado estudarán de común acordo, a creación dun adecuado patrimonio”.

### **Doc. 12. Lei de principios do Movemento Nacional, 17 de maio de 1958\*:**

“I. España é unha unidade de destino no universal. O servizo á unidade, grandeza e liberdade da Patria é deber sagrado e tarefa colectiva de todos os españois. II. A Nación española considera como timbre de honra o acatamento á Lei de Deus, segundo a doutrina da Santa Igrexa católica, Apostólica e Romana, única verdadeira e fe inseparable da conciencia nacional, que inspirará a súa lexislación. IV. A unidade entre os homes e as terras de España é intanxible. A integridade da Patria e a súa independencia son esixencias supremas da comunidade nacional. VI. As entidades naturais da vida social: familia, municipio e sindicato, son estruturas básicas da comunidade nacional”.

### **Doc. 13 Lei Orgánica do Estado. 10-1-1967 (aprobada en referendo o 14-12-1966):**

Art.6. O xefe do Estado é o representante supremo da nación; personifica a soberanía nacional; exerce o poder supremo político e administrativo; ostenta a Xefatura Nacional do Movemento e cuida da máis exacta observancia dos Principios do mesmo e demais Leis Fundamentais do Reino, así como da continuidade do Estado e do Movemento Nacional; garante e asegura o regular funcionamento dos Altos Órganos do Estado e a debida coordinación entre os mesmos; sanciona e promulga as leis e ordena a súa execución; exerce o mando supremo dos Exércitos de Terra, Mar e Aire; vela pola conservación da orde pública no interior e da seguridade do Estado no exterior; a xustiza adminístrase no seu nome; exerce a prerrogativa de graza; confire, de acordo coas leis, empregos, cargos públicos e honores; acredita e recibe aos representantes diplomáticos e realiza cantos actos lle corresponden segundo as Leis Fundamentais do Reino.

### **Doc. 14. Discurso de Franco ás Cortes con motivo da proclamación do príncipe Juan Carlos de Borbón como sucesor na xefatura do Estado (22 de xullo de 1969).**

“Por iso, unha vez conseguida a firmeza das nosas institucións, como vos afirmaba na miña mensaxe radiada do 31 de marzo de 1937, cando nada podía destruír o edificio levantado, nin poñer en perigo o a tanto costa alcanzado, enviei ás Cortes, para a vosa deliberación, a Lei de Sucesión á Xefatura do Estado, polo cal o Estado español de acordo coa súa tradición, declarábase constituído en Reino.

Non se trataba de volver ao arcaico e menos ao pasado, senón incorporar os principios da nosa tradición histórica, dándolles plena mobilidade e continuidade, mantendo a través do tempo, pola inevitable substitución das persoas, consecuencia da condición mortal do ser humano, a traxectoria do noso Movemento, ao cal deu vida e proxección cara ao futuro,

Nesta orde creo necesario lembraros que o Reino que nós, co Asentimento da Nación, establecemos, nada debe ao pasado; nace daquel acto decisivo do 18 de xullo, que constituíe un feito histórico transcendente que non admite pactos, nin condicións. A forma política do Estado nacional establecida no principio 7 do noso Movemento, referendada unanimemente polos españois, é a Monarquía tradicional, católica, social e representativa...”